


A GALICIA INSÓLITA

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

A farsa final está constituída polo «Enterro da Sardiña». Realízase en moitos lugares de Galicia, unhas veces o mércores de Cinza e outras o Domingo de Piñata. En Vimianzo celebrábase o mércores. Pola noite saían cun carro adornado pola rapazada do lugar con ramallos, papeis de cores e cintas. O carro ía tirado por un cabalo, cos correspondentes adornos. Era maioral do carro un neno que levaba unha sardiña dentro dunha caixa. O neno ía chorando pola sardiña, era o choro pola dor da sardiña morta e que ían enterrar.

Ai miña sardiña..., ai miña sardiña!

O rapaz debía interpretar moi ben o seu papel con ditos de despedida. Detrás do carro ían rapaces vestidos de curas, con sabas brancas, levaban un caldeiro e unha escoba de muíño, representación do acetre de auga bendita e do hisopo. Cantaban un responsorio ao seu xeito e ao final dicían: «*Pater noster, pola prea*» e botábanlle a auga en gran cantidade ao público.



O ENTROIDO EN GALICIA

CATRO TEXTOS



*Adeus martes de Entroido,
adeus meu amiguíño,
ata o domingo de Pascua
non comerei máis touciño.*



**CEIP E. PARDO BAZÁN
A CORUÑA**



**XUNTA
DE GALICIA**




**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

O Entroido é unha festa tradicional en Galicia.

A xente disfrázase de moitas cousas. Hai disfraces de choqueiros, que son os feitos na casa.

Algúns choqueiros usan anteface para que non os recoñezan.

A comida típica é o cocido, as filloas, as orellas e as rosquillas



LYDIA SÁNCHEZ

O ENTROIDO DO AVÓ



Un ano no que non me lembro cal, presenteime na casa dos avós para ir á festa do Entroido co meu disface de gato,

O avó díxome:

-Para aí, que vou polo disface!

Tardou un cacho e cando voltou non entendía nada: o avó non era o avó. Era a avoa pero con bigotes e as barbas do avó.

A miña nai escachaba coa risa e eu non sabía se ía á festa do Entroido co avó ou coa avoa.

O ANTIGO ENTROIDO

ANDREA BARREIRO

A miña avoa Maru, de pequena, vivía nunha aldea chamada Suevos, en Arteixo.

Ela contoume que na festa do Entroido os nenos e nenas se disfrazaban de choqueiros, coa cara tapada e cun pau na man.

Ían polos camiños asustando a xente que lles gritaban: «*Choqueiros, as barbas do meu carneiro!*» e os choqueiros corrían detrás deles co pau na man para asustalos.

Tamén petaban nas casas para que lles desen unha filloa ou unha orella.

